

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 MARZO DE 2017 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SELECCIONADOS/AS, EN LISTA DE AGARDA E NON SELECCIONADOS/AS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS + ESTUDOS PARA O CURSO 2017-2018


Publicada a Convocatoria de bolsas Erasmus para o curso 2017-2018 por Resolución Reitoral do 12 de decembro de 2016, e unha vez recibidas as resolucións e os criterios de selección dos centros da Universidade de Vigo, acórdase ditar a seguinte

### RESOLUCIÓN

1. Outórganse aos/as estudantes desta Universidade que figuran no Anexo I as axudas Erasmus convocadas por Resolución Reitoral do 12 de decembro de 2016.
2. Publícase unha relación de suplentes no anexo II.
3. Publícase unha relación de estudantes non seleccionados/as no anexo III.
4. A concesión da bolsa Erasmus da Universidade de Vigo queda pendente de:
  - 4.1. Presentación de escrito de aceptación ou renuncia da bolsa nos rexistros da Universidade de Vigo no prazo de 10 días hábiles (data límite: 7 de abril de 2017). A non presentación da carta de aceptación no prazo establecido supoñerá a renuncia á bolsa concedida.
  - 4.2. Admisión do/a estudante por parte da universidade de destino.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.  
Vigo, 23 de marzo de 2017

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais Carmen Luisa Pereira Castro